

# Elas fano en galego

## Literatura:

### Poesía:

*Parolar cun eu, cun intre, con inseuto* (1970)  
*O corvo érguese cedo* (1973)

### Narrativa:

*Mama-fé* (1983)  
*Trasalba ou Violeta e o militar morto* (1985)

### Ensaio:

*Informe sobre o audiovisual en Galicia, 1998* (2000)  
*Comunicación local no espazo lusófono* (2007)



### Cine:

*Santa Liberdade* (2004).  
*Hai que botalos* (2005).  
*Liste, pronunciado Líster* (2007).  
*A cicatriz branca* (2012).  
*Manuel María: Eu son fala e terra desta miña terra* (2016)  
*Nación* (2020). Agora nas salas de cine e co Premio Mestre Mateo 2021 ao Mellor documental

## Margarita Ledo Andión (Castro de Rei, Lugo, 1951)

Estudou Filosofía e Letras, pero non rematou. Pola súa actividade nacionalista estivo exiliada en Portugal (1974-1976). Titulouse en Xornalismo en Barcelona. Dirixiu o xornal *A Nosa Terra* e investigou sobre a prensa galega. Profesora universitaria en Cataluña e Galiza. Hoxe, profesora da Facultade de Ciencias da Información da USC desde 1991, onde exerce como catedrática de comunicación audiovisual.

Margarita Ledo leva máis de 35 anos, dedicándose con especial atención ao documental e ao fotoxornalismo. Este labor compleméntase cunha intensa traxectoria creativa na literatura e no audiovisual e na cooperación entre os mundos lusófono e hispano no eido da comunicación.

Ingresou na RAG o 7 de febreiro do 2009. Premio Nacional de Cine e audiovisual, no 2009. Recibiu o Premio Otero Pedrayo en 2018. Socia colaboradora e fundadora da **sala Numax** (cine e libraría) de Santiago.

Información tirada de: <https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/margarita-ledo-andion-primeira-muller-ambito-estatal-reconecida-ae-ic>  
e [https://gl.wikipedia.org/wiki/Margarita\\_Ledo\\_And%C3%B3n](https://gl.wikipedia.org/wiki/Margarita_Ledo_And%C3%B3n)

[Escritora, xornalista e cineasta galega]